



2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio sobre o contido da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

1. Unha característica do purgador de vapor é:

- A) Ser unha válvula cuxo obxectivo é descargar vapor condensado, sen permitir que escape vapor vivo.
- B) Ser un elemento básico para o bo funcionamento dos equipos que consomen vapor, como pranchadoras e calandras.
- C) As respostas A) e B) son correctas.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.

2. As manchas de sangue, ouriños e ovo son consideradas para a súa eliminación como manchas de:

- A) Po químico.
- B) Po vexetal.
- C) Sucidade orgánica.
- D) Po mineral.

3. Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Os produtos de lavado deberán almacenarse en lugares ventilados.
- B) Os produtos de lavado deberán almacenarse ben tapados, en lugares limpos, secos e sen entrada de luz.
- C) Os produtos de lavado deberán almacenarse xunto ás lavadoras.
- D) Os produtos de lavado non deberán almacenarse para evitar caducidades.

4. Cal dos seguintes NON é produto auxiliar de lavado?

- A) Deterxente.
- B) Suavizante.
- C) Protector da cor.
- D) Neutralizante.

5. Cal das seguintes afirmacións NON é correcta sobre instrucións que convén seguir na pasada do ferro de pantalóns e saias?


- A) Empézase primeiro polo revés e logo polo dereito.
- B) É mellor empezar pola parte alta ou da cintura.
- C) Se os pantalóns teñen raia, debemos enfrontar as costuras das perneiras, estendelas e marcar as liñas dos extremos.
- D) É mellor non pasar o ferro as dobras para evitar impresións.

6. Os chans dunha lavandería hospitalaria serán:

- A) Continuos, escorregadizos e de fácil limpeza e desinfección.
- B) Descontinuos, escorregadizos e de fácil limpeza e desinfección.
- C) Descontinuos, porosos e de fácil limpeza e desinfección.
- D) Continuos, antiescorregadizos e de fácil limpeza.

7. As causas de rotura nos tecidos no proceso de lavado e secado poden ser:

- A) Envellecemento do tecido.
- B) Efecto mecánico desmedido.
- C) Uso de diferentes neutralizantes.
- D) Todas as respostas son correctas.



8. O símbolo da imaxe anterior indica unha pasada do ferro a unha temperatura:

- A) Máxima de 200 °C.
- B) Máxima de 150 °C.
- C) Mínima de 150 °C.
- D) Máxima de 110 °C.

9. Para evitar problemas na pasada do ferro de costuras e dobras, o mellor é pasar o ferro:

- A) Primeiro do dereito e despois do revés.
- B) Só do revés.
- C) Primeiro do revés e despois do dereito.
- D) Só do dereito.

10. Indique a opción **FALSA** en relación coas dobladoras ou plegadoras de roupa industrial:

- A) Poden conectarse a unha calandra.
- B) A cantidade de dobras que realizan na roupa pode variar.
- C) Reducen o traballo manual.
- D) Non poden utilizarse para roupa de liña.

11. Rosa é unha traballadora que ten molestias na zona lumbar. Indique que acción debe evitar no seu posto de traballo:

- A) Regular a mesa de traballo para que quede aproximadamente á altura do embigo.
- B) Manipular as cargas coas dúas mans e preto do corpo.
- C) Utilizar carros para roupa, empuxando no canto de arrastrar.
- D) Traballo repetitivo e postura mantida.

12. Os empiladores:

- A) Introducen as pezas en bolsas plásticas transparentes para a súa protección.
- B) Clasifican e empilan a roupa para o pasado de ferro segundo o tamaño.
- C) Reciben a roupa dobrada e empaquetada e acumúlanas para o seu almacenamento ou distribución.
- D) Introducen a roupa na calandra.

13. As actividades de mantemento correctivo dos equipos utilizados no proceso de pasado de ferro realízaas:

- A) O Servizo de Mantemento.
- B) O persoal que realiza as funcións de pasador/a de ferro.
- C) O/A responsable do Servizo de Lavandería.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.

14. Indique cal dos seguintes NON é un símbolo básico que debe figurar nas etiquetas de coidado téxtil:

- A) Branqueado.
- B) Pasada do ferro.
- C) Coidado profesional dos tecidos.
- D) Lavar separadamente.

15. Indique que ocorre cando calandramos unha peza de roupa con manchas de graxa:

- A) Emulsiona a mancha de graxa debido ás altas temperaturas.
- B) As fixa máis ao tecido.
- C) Axuda a súa eliminación.
- D) Non inflúe.

16. Para medir a presión de fluídos contidos en recipientes pechados, empregamos un dispositivo que se chama:

- A) Higrómetro.
- B) Manómetro.
- C) Termómetro.
- D) Barómetro.

17. Indique cales son os equipos de protección individual necesarios para minimizar o risco de transmisións de enfermidades, na manipulación, clasificación e lavado de roupa sucia:

- A) Zapatos especiais, máscara e luvas.
- B) Unicamente bata e luvas.
- C) Pantalla protectora, bata, pixama e luvas.
- D) Bata de manga longa, gorro, máscara e luvas.

18. A manipulación da roupa sucia será mínima e farase con sumo coidado para non diseminar a contaminación; o persoal estará provisto do EPI correspondente, na súa labor de:

- A) O lavado e o secado da roupa de forma.
- B) A recepción, clasificación, pesado, preparación de lotes e carga de máquinas de lavar.
- C) A reposición e pesado da roupa do quirófano.
- D) Ningunha opción é correcta.

19. O conxunto de fíos que se colocan no tear paralelamente uns a outros para formar unha tea denomínase:

- A) Urdimbre.
- B) Trama.
- C) Fibra.
- D) Flourofibra.

20. A zona sucia dunha lavandería hospitalaria abrangue as seccións:

- A) Recepción, Clasificación e Alimentación de máquinas.
- B) Recepción, Reparación e Alimentación de máquinas.
- C) Recepción, Clasificación, Reparación e Alimentación de máquinas.
- D) Expedición, Clasificación e Alimentación de máquinas.

21. Elix a opción verdadeira:

- A) A calor que se necesita para o pasado de ferro xérase na cubeta da máquina e transmítese ás roupas durante aquel.
- B) A calor de pasado de ferro debe ser adecuada para cada tipo de tecido.
- C) Ademais da calor, o vapor é un elemento de apoio no aumento da temperatura.
- D) Todas as respostas anteriores son verdadeiras.

22. Indique cal dos seguintes é o sistema de pasada do ferro máis eficiente e con maior aforro de enerxía:

- A) Prensa universal.
- B) Topper.
- C) Túnel de pasada do ferro.
- D) Central de pasado de ferro.

23. Os carros para lavandería industrial, tamén chamados “roll containers”:

- A) Non poden ser utilizados para o traslado de roupa limpa.
- B) Son contedores plásticos para o baleirado das secadoras.
- C) Utilízanse para colgar as pezas de forma e axudar na súa pasada do ferro.
- D) Son gaiolas metálicas con rodas que se utilizan habitualmente para o traslado de roupa.

24. Defínense como deterxentes, as substancias que teñen a propiedade de:

- A) Eliminar a sucidade dun obxecto sen deterioralo.
- B) Eliminar as manchas colorantes das pezas sen deterioralas.
- C) Branquear as pezas sen deterioralas.
- D) Desinfectar as pezas sen deterioralas.

25. As actividades de mantemento preventivo dos equipos utilizados no proceso de pasado de ferro as realiza:

- A) O celador/a asignado/a ao Servizo de Lavandaría.
- B) O Servizo de Mantemento.
- C) O persoal dos servizos técnicos provedores da maquinaria.
- D) As respostas B e C son correctas.

26. Cal dos seguintes NON é obxectivo do mantemento dos equipos nunha lavandería?

- A) Manter a calidade dos produtos.
- B) Reducir ao mínimo os riscos para usuario, reparador e equipos.
- C) Obter un bo rendemento enerxético coa mínima deterioración ambiental.
- D) Facilitar o traballo ao persoal de lavandería.

27. A acción de traslado planificado das persoas afectadas por unha emerxencia, dun lugar a outro provisional seguro, denomínase:

- A) Intervención.
- B) Evacuación.
- C) Autoprotección.
- D) Alarma.

28. Indique cal dos seguintes NON se considera un risco de tipo biolóxico:

- A) Cortes e picadas con obxectos punzantes contaminados.
- B) Temperatura e humidade extrema.
- C) Contacto con roupa sucia procedente de quirófano.
- D) Exposición aérea a axentes contaminantes.

29. Os tecidos que se engurran con moita facilidade como o algodón ou o liño, debido á súa baixa capacidade de recuperación, débese empregar unha temperatura na súa pasada do ferro de:

- A) 150°C – 300°C.
- B) 60°C – 100°C.
- C) 150°C – 200°C.
- D) 100°C – 140°C.

30. Para conseguir o baleiro, é necesario combinar temperatura e:

- A) Humidade.
- B) Presión.
- C) Tamaño da roupa.
- D) Grosor da roupa.

31. Nunha calandra, o interruptor de parada de emerxencia serve para:

- A) Facer o mantemento de emerxencia.
- B) Poñer a calandra rapidamente nun estado seguro en caso de perigo ou para previlo.
- C) Desconectar normalmente a calandra.
- D) Parar o listón protector.

32. Sinale cal dos seguintes NON é un axente extintor:

- A) Po seco.
- B) Escuma.
- C) Auga.
- D) Gas de etileno.

33. A capacidade dunha fibra para resistir un estiramento e recuperar a súa lonxitude primitiva unha vez cesa o estiramento denomínase:

- A) Índice de torsión.
- B) Elasticidade.
- C) Índice de elongación.
- D) Resistencia.

34. No pasado de ferro de pezas delicadas:

- A) Non debe pasarse o ferro directamente sobre a peza de roupa.
- B) Débese pasar o ferro sobre a peza, sen colocar un pano ou saba humedecida.
- C) A estas pezas de roupa non se lles pode pasar o ferro.
- D) Pásaselle o ferro en frío.

35. Os "borriquetes" son:

- A) Manguitos para pasar o ferro nas mangas de calquera peza de roupa.
- B) Soportes que se usan cando se recolle a roupa das centrifugadoras, secadoras ou do módulo de secado.
- C) As mesas que se utilizan para transportar a roupa co ferro xa pasado.
- D) Bastidores para a marcaxe de roupa.

36. Cal das seguintes NON é función do persoal dunha lavandería hospitalaria?

- A) Garantir que a roupa estea perfectamente limpa e hixienizada, sen restos de sucidade nin cheiro, de maneira que poida ser usada novamente, sen risco de constituír un foco de infección.
- B) Controlar que o tratamento ao que se somete a roupa é eficaz, e a deterioración dos tecidos durante o proceso é mínimo.
- C) Controlar as condicións hixiénico–sanitarias das instalacións.
- D) Vixiar o aspecto da roupa e os tecidos, asegurando a reparación das pezas descosidas, e a reposición dos tecidos deteriorados.

37. O pasado de ferro de pezas acrílicas a alta temperatura sofre o risco de que poidan:

- A) Alongarse.
- B) Deformarse.
- C) Destinguirse.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

38. A consecuencia dunha presión excesiva dos equipos de pasado de ferro é poder:

- A) Provocar a destrución do equipo.
- B) Expoñer ao persoal a unha situación de perigo.
- C) Provocar efectos indirectos sobre a composición de produtos que interveñen no proceso.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

39. Os aparellos conectados a unha rede de abastecemento de auga destinada a subministrar auga en caso de incendio denomínanse:

- A) Racor.
- B) Sistema anti–intrusión.
- C) Hidrante.
- D) Extintor de auga.

40. Sinale cal dos seguintes NON é unha parte dun centro de pasado do ferro:

- A) Táboa de pasar o ferro aspirante.
- B) Pedal.
- C) Caldeira.
- D) Tolva.

41. Ao final do procesado, a roupa limpa almacénase:

- A) Pregada en tamaños e tallas de igual clase, facilitando o reconto e a retirada de pezas.
- B) Empaquetada e sobre estantes limpos e desinfectados, ata a súa distribución e uso.
- C) Pouco seca, dentro de armarios pechados, cos lombos cara a dentro.
- D) As respostas A e B son correctas.

42. Nunha lavandería hospitalaria o “Principio de marcha adiante” implica que a distribución dos locais debe seguir unha orde lóxica de traballo do procesado da roupa, de maneira que:

- A) Forme un circuíto que vaia do sucio ao limpo, sen volta atrás e sen interrupción.
- B) Forme un circuíto que vaia do sucio ao limpo, con posibilidade de volta atrás, se é necesario, pero sen interrupción.
- C) Exista posibilidade de cruzamento entre as zonas limpa e sucia.
- D) Unha peza de roupa en estado avanzado de procesado poida pasar por unha zona destinada a pezas nun nivel menor de procesado.

43. Sinale o factor que intervén no proceso de pasado de ferro:

- A) Calor.
- B) Humidade de vapor.
- C) Baleiro.
- D) Todas as respostas son correctas.

44. Indica a que temperatura se pasa o ferro as pezas de licra:

- A) Temperatura media-alta.
- B) Ningunha, non se lle pasa o ferro.
- C) Temperatura moi alta, máximo 60°C.
- D) Temperatura alta, máximo 50°C.

45. Que NON fará a pasadora de ferro cando a súa labor sexa introducir batas do persoal e chaquetas do enfermo no túnel de secado?

- A) Clasificar as pezas para procesar e seleccionar temperatura e velocidade.
- B) Colocalas en perchas e inspeccionar que os petos non leven obxectos.
- C) Non deixar desatendido o túnel con pezas dentro.
- D) Poñer unha temperatura ao túnel de 185°C cando se trate de pezas molladas.

46. A pezas de roupa tras pasar pola centrífuga ou centrifugadora:

- A) Pasan de estar empapadas a quedar húmidas.
- B) Pasan de estar húmidas a quedar secas.
- C) Pasan de estar empapadas a quedar secas.
- D) Pasan de estar escorridas a quedar secas.

47. En relación ao amarelento da roupa, a orixe desta anomalía pode estar causada por:

- A) Emprego de auga a baixa temperatura.
- B) Deixar a roupa centrifugada acantoada durante un certo tempo, antes de pasala o ferro.
- C) Exceso de aclarado da roupa.
- D) Todas son correctas.

48. Cal dos seguintes NON é un problema que xorde cando o peso da roupa por lavado é maior que o recomendado?

- A) A roupa queda máis apertada, dificultando que os produtos poidan penetrar nos tecidos.
- B) As pezas non quedan limpas e poden permanecer restos de sucidade nalgunhas zonas.
- C) As máquinas traballan máis forzadas e o sistema pode danarse causando unha avaría.
- D) A roupa queda máis folgada e aumenta a eficacia do proceso.

49. Un factor que pode ocasionar problemas no proceso de pasado de ferro é:

- A) Exceso de vapor por falta de purga da maquinaria.
- B) Acumulación de residuos procedentes das pezas de roupa.
- C) Electricidade estática.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

50. Como se pasa o ferro a pana raiada?

- A) Polo dereito da peza de roupa.
- B) Polo revés cun pano entre a superficie quente e a peza de roupa.
- C) Polo dereito cun pano entre a superficie quente e a peza de roupa.
- D) É indiferente o pasado de ferro do dereito ou do revés da peza de roupa.

51. Á hora de clasificar a roupa sucia que chega á lavandería procedente de hospitais e outros centros, débese ter en conta a súa:

- A) Cor, textura, sucidade e tratamento a aplicar.
- B) Densidade, tecido e tratamento a aplicar.
- C) Orixe, sucidade, tecido e tratamento a aplicar.
- D) Cor, densidade e tratamento a aplicar.

52. A vida útil do acoxinamento da prensa ou mesa de pasado de ferro varía en función de:

- A) Vapor usado.
- B) Baleiro usado.
- C) Tipo de roupa a pasar o ferro.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

53. Para un bo pasado de ferro, o problema de fricción entre o muletón e a roupa se considera orixinado por un factor de tipo:

- A) Químico.
- B) Térmico.
- C) Mecánico.
- D) Físico.

54. Na lavandería, á chegada da roupa sucia, débese asegurar o sistema FIFO:

- A) Calcular a cantidade de roupa a procesar á semana.
- B) A primeira roupa en entrar é a primeira en procesarse.
- C) A roupa estará condicionada desde a orixe, polo conserxe.
- D) A última roupa en entrar na lavandería é a primeira en procesarse.

55. As mesturas de fibras téxtiles, compostas por dúas ou máis fibras, no que unha delas representa o 85 por 100 do peso total, como mínimo desígnanse:

- A) Polo nome da fibra e a indicación do 85 por 100 mínimo.
- B) A composición porcentual completa do produto, ordenada de maior a menor.
- C) O nome da fibra e a súa porcentaxe en peso.
- D) Todas as respostas son correctas.

56. A radiación térmica na calandra de cubeta prodúcese:

- A) A través do cilindro central.
- B) Na cubeta.
- C) Neste sistema non se produce radiación térmica.
- D) Ningunha resposta é correcta.

57. Indique cal dos seguintes é un risco de tipo ergonómico que pode producirse no proceso de pasado de ferro da roupa:

- A) Ruído.
- B) Posturas forzadas no manexo de equipos.
- C) Rutina e falta de concentración.
- D) Contacto con superficies quentes.

58. Indique a resposta correcta. Se se pasa o ferro á roupa un pouco húmida:

- A) Conséguese peores resultados na pasada do ferro.
- B) Conséguese mellores resultados na pasada do ferro.
- C) Non afecta ao resultado na pasada do ferro.
- D) Evítanse impresións na roupa.

59. Pasar o ferro é a operación de:

- A) Quitar as manchas e impurezas dos tecidos.
- B) A acción de ordenar e coser tecidos esfiañados.
- C) Alisar dando forma aos tecidos, quitándolles as engurras.
- D) A eliminación de manchas dos tecidos.

60. Propiedades da lixivia:

- A) A lixivia actúa por liberación de cloro e ten poder oxidante.
- B) É un bo desinfectante e capaz de eliminar bacterias e fungos.
- C) Admite altas temperaturas en tecidos de cor.
- D) As respostas A e B son correctas

61. Para evitar que amarelee a roupa que se deixou en lixivia é recomendable aclarala ben e lavalaa enseguida a unha temperatura de:

- A) A 60°C ou 95°C, de acordo coas instrucións de conservación.
- B) A 30°C, de acordo coas instrucións de conservación.
- C) A 100°C ou 200°C, de acordo coas instrucións de conservación.
- D) A 150°C, de acordo coas instrucións de conservación.

62. Elena é unha traballadora da lavandaría do Hospital del Eume que transporta unha caixa grande que dificulta a súa visión. Nestas condicións existe risco:

- A) De atrapamento por unha máquina.
- B) De caída no mesmo plano.
- C) Derivado de axentes físicos.
- D) Derivado de axentes ambientais.

63. A pasada do ferro é unha combinación de:

- A) Calor, presión exercida, tempo e baleiro.
- B) Calor, presión exercida, resistencia e baleiro.
- C) Calor, humidade do vapor, presión exercida e baleiro.
- D) Calor, humidade do vapor, elasticidade e baleiro.

64. Respecto ás características da cubeta, sinalar a resposta incorrecta:

- A) Parte principal da calandra, ao usarse como superficie transmisora de calor.
- B) A súa base e superficie será sólidas para resistir cambios de temperatura.
- C) No seu interior só debe haber vapor.
- D) Os condensados e bolsas de aire que se xeren non precisan ser eliminados.

65. Indique cal das seguintes se considera un tipo de roupa de forma:

- A) Toallas.
- B) Pixamas.
- C) Fundas.
- D) Sabas.

66. Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Os produtos de lavado poderanse transvasar a outros envases en lugares ventilados.
- B) Os produtos de lavado deberán manterse nos seus envases orixinais.
- C) Os produtos de lavado poderanse transvasar a outros envases cando se dispoña do equipamento axeitado.
- D) Os produtos de lavado poderanse transvasar a outros envases cando estes sexan de máis fácil manexo que os orixinais.

67. Para obter un bo rendemento da calandra, baixo o punto de vista calorífico, terase en conta o seguinte factor:

- A) Tipo de roupa a pranchar.
- B) Extracción dos bafos.
- C) Presión correcta entre cilindro e cubeta.
- D) Todas son correctas.

68. Sinal os tipos de calandras segundo os seus compoñentes ou sistemas:

- A) Calandra con cilindro central e rolos periféricos.
- B) Calandra con cubeta.
- C) Calandra con cubeta central e cilindros periféricos.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

69. A orde do funcionamento dun programa de lavado que comprende 4 fases é:

- A) Prelavado, neutralizado, lavado e aclarado.
- B) Prelavado, lavado, aclarado e centrifugado.
- C) Prelavado, aclarado, lavado, desinfección.
- D) Prelavado, centrifugado, lavado e aclarado.

70. No proceso de pasado o ferro, o vapor así como a calor, combínanse para:

- A) Preparar e acondicionar as fibras da tea do material para pasar o ferro.
- B) Conseguir un acabado liso e sen engurras.
- C) As respostas A) e B) son correctas.
- D) O vapor e a calor non se combinan neste proceso.

71. Indique cal das seguintes fibras se obtén a partir de sementes vexetais:

- A) Elastano.
- B) Poliamida.
- C) Seda.
- D) Algodón.

72. O sistema calorífico empregado dentro das calandras de cubeta pode ser:

- A) Electricidade ou aceite circulante.
- B) Aceite estancado.
- C) Só electricidade.
- D) Ningunha resposta é correcta.

73. Para lograr unha boa pasada do ferro na calandra prestaremos atención a que:

- A) Sexa roupa de liña, se introduza estirada e con certo grao de humidade residual.
- B) A temperatura non sexa inferior a 140°C para destruír toda forma de vida microbiana.
- C) Se as pezas de roupa saísen húmidas ao final do procesado, será preciso baixar a velocidade dos rodets.
- D) Todas as respostas son correctas.

74. Indique a opción correcta:

- A) O sistema de rolos de ferro, que se usa para o pasado de ferro, necesita estar protexido por moletóns termorresistentes.
- B) Os moletóns de poliéster non se utilizan.
- C) Os moletóns máis usados son en algodón, en poliéster e en poliamida.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

75. O extintor portátil está deseñado para poder utilizarse a man. A súa masa, en condicións de funcionamento, debe ser:

- A) Igual ou inferior a 30 Kg.
- B) Igual a 15 Kg.
- C) Igual ou inferior a 20 Kg.
- D) Igual a 25 Kg.

76. Indique cal das seguintes é unha característica dos túneles de pasada do ferro e acabado:

- A) Tamaño reducido que permite instalalos en espazos pequenos.
- B) Non son axeitados para o procesado de prendas húmidas.
- C) Permiten procesar gran cantidade de roupa en pouco tempo.
- D) Non permite procesar a roupa de forma.

77. Sinale como se denomina o procedemento de actuación ante un accidente:

- A) PAS: protexer, avisar e socorrer.
- B) SAP: socorrer, avisar e protexer.
- C) SAP: seguridade, avisar e protexer.
- D) SPA: socorrer, protexer e avisar

78. Os soportes en forma de L horizontal, revestidos dunha almofada, que se utilizan principalmente para as mangas de calquera peza de roupa, chámanse:

- A) Manguitos de pasada do ferro.
- B) Cabaletes.
- C) Cubetas.
- D) Eles.

79. Para a limpeza dos ferros de pasar a vapor convencionais e evitar a acumulación de restos de cal na superficie recoméndase:

- A) Auga da billa.
- B) Auga osixenada ou alcol.
- C) Auga destilada ou vinagre branco.
- D) Auga con amoníaco.

80. A actividade previa ao proceso de pasado de ferro, que pode melloralo e evitar problemas, é:

- A) Asegurarse de que os residuos de deterxente foron eliminados no último aclarado.
- B) Comprobar o revestimento da calandra, observando que o espazo entre o rolo e a cubeta sexa o adecuado.
- C) Encerado da calandra a intervalos regulares para reducir a fricción.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

81. Indique a resposta correcta. Nunha lavandería hospitalaria, a comunicación entre área sucia e área limpa, mediante cabina de desinfección:

- A) Necesita a instalación de portas de apertura simultánea para facilitar o paso dunha zona á outra.
- B) Necesita a instalación de portas de apertura sincronizada para facilitar o paso dunha zona a outra.
- C) Necesita a instalación de portas coordinadas, é dicir, a apertura dunha está condicionada ao peche da outra, de maneira que nunca abrirán ambas á vez para evitar a contaminación.
- D) Non necesita portas.

82. Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Unha prensa non é un equipo de pasada do ferro.
- B) Unha prensa é un equipo de pasada do ferro composto por tres partes, unha mesa sobre a cal se dispón a peza, unha placa superior que ao baixar sobre a mesa aprisiona a peza e un ferro de vapor.
- C) Unha prensa é un equipo de pasada do ferro composto por dúas partes, unha mesa sobre a cal se dispón a peza, e unha placa superior que ao baixar sobre a mesa aprisiona a peza e pásalle o ferro, coa axuda de calor e vapor.
- D) Unha prensa é un equipo de pasada do ferro composto por dúas partes, unha mesa sobre a cal se deixa caer a peza e unha placa superior que coloca a peza sobre a mesa e a aprisiona.

83. Indique a opción falsa entre as seguintes:

- A) O vapor e as altas temperaturas que sofren as cubertas das prensas ocasionan que estas deban ser substituídas frecuentemente.
- B) Os moletóns de poliéster ofrecen unha boa resistencia e flexibilidade.
- C) A resistencia á calor é unha característica fundamental das fundas e mesas de pasado de ferro.
- D) As fundas de pasado de ferro non son resistentes á calor.

84. Cal dos seguintes NON é produto de lavado?

- A) Deterxente.
- B) Desinfectante.
- C) Desincrustante.
- D) Suavizante.

85. Unha tea de mostra é:

- A) Unha tea na que se mide o grao de branco con e sen branqueadores óptimos na fase de lavado.
- B) Unha tea á que se lle mide a produtividade do proceso e valoración económica.
- C) Unha tea á que se lle mide a resistencia á fricción e tracción.
- D) Todas son correctas.

86. A exposición a fontes de ruído xerado por equipos ou máquinas ruidosas, é un risco derivado:


- A) Do deseño dos postos de traballo.
- B) De tipo eléctrico.
- C) De axentes físicos.
- D) Da organización do traballo.

87. Sinale a opción FALSA en relación cos carros de fondeo remontables:

- A) Empréganse habitualmente para axilizar a introdución da roupa na calandra.
- B) Utilízanse habitualmente para o baleirado das secadoras.
- C) O fondo do carro vai subindo a medida que se baleira o seu contido de forma que é adecuado para evitar dores de costas.
- D) O fondo do carro está montado sobre resortes en espiral.

88. Normalmente o secado realízase en dúas fases: centrifugado ou prensado e secado. Indique as pezas de roupa que necesitan un secado total para ir directamente ao dobrado ou pregado:

- A) Camisóns de pacientes de cintas.
- B) Toallas de baño e pixama de bebé con pé, de felpa.
- C) Manteis e sabas de niño.
- D) Pixamas de quirófano verde pantone.



89. A imaxe anterior (pictograma negro co fondo en cor amarela) corresponde coa seguinte sinalización de seguridade:

- A) Perigo de incendio.
- B) Materias explosivas.
- C) Risco eléctrico.
- D) Radiacións ionizantes.

90. Cal das seguintes actividades NON é propia da zona de traballo limpa?

- A) Lavado.
- B) Secado.
- C) Pasada do ferro.
- D) Pregado.

91. A orde habitual na posta en marcha da calandra sería a seguinte:

- A) Pasar unha saba con cera ou parafina, seleccionar a velocidade de pasado de ferro, conectar a máquina pulsando o botón de marcha e colocar a roupa sen secado previo, ata que o bordo da roupa se introduza entre a cubeta e o rolo.
- B) Conectar a máquina pulsando o botón de marcha, seleccionar a velocidade de pasado de ferro, pasar unha saba con cera ou parafina e colocar a roupa sen secado previo, ata que o bordo da roupa se introduza entre a cubeta e o rolo.
- C) Non existe ningunha orde para a posta en marcha da calandra, é automática.
- D) Ningunha resposta é correcta.

92. Durante a pasada do ferro ou secado de pezas téxtiles, cal das seguintes causas implicaría a retirada da peza da circulación?

- A) Se ten unha mancha.
- B) Se está rota.
- C) Se está deteriorada.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

93. De que forma é o sinal de advertencia de “Perigo contacto térmico”?

- A) Triangular co pictograma vermello sobre fondo branco.
- B) Redondeada co pictograma vermello sobre fondo branco.
- C) Triangular co pictograma negro sobre fondo amarelo.
- D) Redondeada co pictograma negro sobre fondo amarelo.

94. Sinale cal das seguintes é unha parte dunha prensa de pasada do ferro:

- A) Almofadiña.
- B) Parte inferior abatible.
- C) Parafuso de Arquímenes.
- D) Rodete de pasada do ferro.

95. En teas non tratadas (aquelas que durante a fabricación non reciben tratamento para resistir engurras), a presión e a calor aplicados sobre pregaduras ao azar:

- A) Favorecen o resultado da pasada do ferro.
- B) Poden formar engurras non desexadas.
- C) Conseguen un acabado liso e suave.
- D) Non afectan ao resultado da pasada do ferro.

96. A orde máis axeitado ao pasar o ferro a unha camisa é:

- A) Canesú, mangas, puños, dianteiro, costas e colo.
- B) Dianteiro, colo, canesú, costas, puños e mangas.
- C) Costas, puños, mangas, dianteiro, colo e canesú.
- D) Colo, ombreiros e canesú, mangas, dianteiro e costas.

97. Un sistema de prancha composto por rolos de ferro protexidos por un moletón termorresistente é:

- A) Un purgador.
- B) Unha calandra.
- C) Un túnel de secado de roupa de forma.
- D) Ningunha é correcta.

98. O control das condicións hixiénico–sanitarias das instalacións nunha lavandería hospitalaria corresponde a:

- A) Persoal de lavandería.
- B) Persoal de enfermería.
- C) Persoal de limpeza.
- D) Servizo de medicina preventiva.

99. Cal das seguintes NON é tarefa propia da sección de repaso e costura?

- A) Coser.
- B) Poñer botóns.
- C) Marcar pezas de roupa.
- D) Distribuír.

100. Cal das seguintes fibras presenta maior resistencia á temperatura:

- A) Poliéster.
- B) La.
- C) Algodón.
- D) Raión.

Preguntas de reserva

1. Sinale a resposta INCORRECTA en relación co Plan de Actuación en Emerxencias, segundo a Norma Básica de Autoprotección:

- A) É un documento no que se prevé a organización da resposta ante situacións de emerxencia.
- B) Forma parte do contido mínimo do Plan de Autoprotección.
- C) É o aviso ou sinal pola que se informa ás persoas para que sigan instrucións específicas ante unha situación de emerxencia.
- D) Inclúe as accións a desenvolver para o control inicial das emerxencias, garantíndose a alarma, a evacuación e o socorro.

2. Cal dos seguintes NON é local anexo a unha lavandería hospitalaria?

- A) A sala de repouso para o persoal.
- B) As duchas e os vestiarios.
- C) O almacén de produtos para lavar.
- D) A recepción de roupa sucia.

3. Deben ser recollidas como incidencias no quefacer diario nunha lavandaría do Servizo Galego de Saúde:

- A) As avarías en máquinas e, no seu caso, tempo de parada que implican.
- B) Só as avarías cando hai accidentados.
- C) Non se rexistran estas incidencias no Servizo de Lavandería.
- D) Ningunha resposta é correcta.

4. Para evitar problemas na pasada do ferro dos puños, o mellor é pasar o ferro:

- A) Primeiro do dereito, do extremo á costura, logo polo revés.
- B) Primeiro do revés, do extremo á costura, logo polo dereito.
- C) Só do revés.
- D) Só do dereito.

5. Nos tecidos formados por fibras curtas, é fácil que ao rozamento apareza o que se lle chama fenómeno pilling. O cal consiste:

- A) Nun estiramento das fibras.
- B) Nun encollemento do tecido.
- C) Na formación de boliñas na superficie.
- D) Nunha variación da elasticidade da roupa.

6. A calandra é:

- A) Un sistema de repasado preferentemente utilizado para roupa lisa.
- B) Un sistema de repasado que se usa preferentemente para todo tipo de roupa.
- C) Un sistema de repasado que se usa preferentemente para sabas, entremetidas e manteis.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

7. Das seguintes máquinas ou aparellos, indique cal NON atoparemos nun servizo de lavandería e ferro de pasar:

- A) Introdutoras.
- B) Empaquetadoras.
- C) Dobradoras ou pregadoras.
- D) Cabina de fluxo laminar.

8. O movemento de aire a través da tea a gran velocidade e a unha presión estática establecida para secar e fixar a tea é:

- A) O baleiro.
- B) A calor.
- C) A humidade residual.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

9. Indique cal é o rango de humidade relativa idónea nos lugares de traballo que non teñan presenza de electricidade estática:

- A) Entre o 50 e o 80 por cento.
- B) Menor ao 50 por cento.
- C) Entre o 30 e o 70 por cento.
- D) Superior ao 70 por cento.

10. Cal dos seguintes factores inflúe no rendemento do pasado de ferro?

- A) Factor térmico.
- B) Factor mecánico.
- C) As respostas A e B son correctas.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.